



Expediente:2025/SUBCC/000005

Decreto da Alcaldía que aproba a convocatoria pública, autoriza o gasto e aproba as bases específicas do certame Ben Veñas, Maio 2025

A lingua galega constitúe o principal patrimonio cultural da nosa Comunidade, como sinal de identificación e diferenciación de Galicia. A Lei 3/1983 de normalización lingüística no seu artigo 25 di “O Goberno Galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras. (...)”

Dentro das distintas áreas nas que se traballa para incrementar o uso e o prestixio do galego, a mocidade é considerada como un sector estratéxico dentro da planificación e desenvolvemento de actividades, tanto en todos os estudos sociolingüísticos como no *Plan xeral de normalización da lingua galega* (Xunta de Galicia, 2004); xa que na xente nova reside o futuro da lingua.

Partindo do mandato legal, a Alcaldía, no eido das súas competencias, quere aprobar a convocatoria do certame Ben Veñas, Maio para fomentar o uso do idioma galego por parte da mocidade pontevedresa. Este certame busca promover a presenza da lingua en actividades que incentiven a creatividade, a participación e a reflexión sobre o uso e a situación social da nosa lingua. Artellarase en distintos apartados: música, vídeos de Tik tok e reels de Instagram, curtametraxes, fotografía, banda deseñada, narración curta e poesía, e outorgará premios por unha contía total máxima de 3.750,00 euros.

Segundo os artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Concello pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, como a normalización da lingua -como patrimonio histórico e cultura-, ou a execución de programas propios destinados á mocidade. Nomeadamente, a materia de normalización lingüística está recoñecida como unha competencia propia no informe emitido pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, con data do 7 de maio de 2018.

O artigo 11 da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra dispón que a competencia para a concesión de subvencións en concorrencia competitiva, a aprobación da convocatoria, a aprobación das bases e a resolución do procedemento corresponde á Alcaldía, cando a contía da convocatoria non exceda de 12.020,24 euros. Correspóndelle tamén á Alcaldía a autorización e disposición de gastos nas materias da súa competencia, de conformidade co disposto no artigo 185.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Por decreto da Alcaldía de 17.09.2024 delegouse a convocatoria e a concesión de subvencións en réxime





de concorrencia competitiva nos/as concelleiros/as de goberno delegados de área, segundo o seu ámbito funcional, sempre que non exceda de 12.020,24 euros. O mesmo decreto delegou a autorización e disposición de gastos no concelleiro da Área Legal e Económica.

Segundo o dito decreto da Alcaldía de 17.09.2024, o Alcalde, poderá avogar en calquera momento as competencias delegadas con arranxo a lexislación vixente sobre procedemento administrativo común. Consonte co disposto nese decreto e artigo 10 da Lei 40/2015, de acordo co principio de racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e das actividades materiais de xestión, neste acto avogaranse as competencias delegadas sinaladas no parágrafo anterior, acordándose nun mesmo decreto a aprobación da convocatoria dos premios e a autorización e disposición do correspondente gasto.

Ao abeiro das anteriores previsións, esta Alcaldía, no eido das súas atribucións

DECRETA:

Primeiro. Avogar para esta Alcaldía a competencia delegada mediante decreto de 17.09.2024 en materia de convocatoria de subvencións e autorización do gasto, limitándose a avocación a este acto concreto de convocatoria dos premios Ben Veñas, Maio.

Segundo. Aprobar a convocatoria dos premios Ben Veñas, Maio para fomentar o uso da lingua galega entre a mocidade estudante nos centros de ensino secundario públicos do concello, a través da súa participación en certames de creación, de acordo coas bases xerais e específicas que se xuntan a este expediente co código seguro de verificación: B2E5SY37MV802KMO.

Terceiro. Autorizar o gasto destinado ao pagamento do devandito premio con cargo á aplicación orzamentaria do exercicio vixente que recolle o informe de Intervención:

Aplicación	Operación	Importe
09/3341/48100	12025000007256	3.750,00 €

Cuarto. Aprobar as bases específicas do premio como anexo ao presente acordo, contidas no documento co código seguro de verificación: B2E5SY37MV802KMO.

Así o dispón e ordena o Sr. Alcalde, en Pontevedra, do que o Secretario da Administración municipal dá fe, na data das sinaturas electrónicas.

